

10 PORQUÉS OU RAZÓNS PARA QUE NAIS E PAIS FAGAMOS FOLGA CONTRA AS REVÁLIDAS BALEIRANDO AS AULAS O 26 DE OUTUBRO.

1. **Son un modelo pedagóxico arcaico.** As reválidas son a expresión dun modelo pedagóxico baseado nunha sucesión continua de exames configurados como barreiras que pretenden impedir á maior cantidade posible de alumnado que poida exercer o dereito á educación. Foron eliminadas no noso país en 1970 por ser consideradas unha nefasta práctica que impedía a permanencia na educación da maioría do alumnado.

2. **Os nosos fillos e fillas poden ficar fóra do sistema educativo.** As reválidas terán como consecuencia directa que unha boa parte do alumnado, aínda que teña todos os ensinamentos superados, quede fóra do sistema educativo. Sen títulos aos que teñen dereito, o seu futuro académico e laboral verase gravemente afectado.

3. **Deslexitiman ao docente.** As reválidas supoñen a deslexitimación do docente e o cuestionamiento total da súa avaliación continua. A súa función queda minusvalorada e posta en cuestión ata que un exame externo corrobore, si é que o fai, que a súa avaliación é correcta. Ademais, fan empregar un tempo valioso na súa preparación, obrigando a desvirtuar os obxectivos primordiais da educación.

4. **Son realizadas por persoas alleas aos nosos fillos e fillas.** As reválidas serán realizadas por persoas que non coñecen en absoluto ao alumnado que avaliarán, xerando ademais un estrés innecesario a quen se sometan ás probas porque se xogarán todo con elas. Quen as realicen non poderán saber nin valorar o seu progreso educativo, o esforzo de moitos anos de estudo, as circunstancias persoais que lles fan especiais en moitas facetas da súa vida que non serán avaliadas en absoluto,..., e malia iso, a nota que saquen determinará o seu futuro. Estas probas poden tirar ao lixo o traballo dun mínimo de 13 anos para o título da ESO e de 15 para o de Bacharelato.

5. **Negáselle unha titulación aos nosos estudantes.** As reválidas son un método de negación da titulación que non existe ao finalizar a *Educación Secundaria Obligatoria* en ningún país da nosa contorna do que tomar bo exemplo. Nestes países tampouco ao finalizar o Bacharelato négase o título, a quen superen todos os seus estudos, nin o acceso a estudos superiores.

6. **Frenan o acceso ao Bacharelato e a Universidade.** As reválidas só teñen un obxectivo, impedir que acceda ao Bacharelato e logo á Universidade en unha porcentaxe tan alta como na actualidade. Forma parte do recorte do dereito á educación pública e do ataque ao noso precario Estado do Benestar.

7. **Están cuestionadas por toda a Comunidade Educativa.** As reválidas foron cuestionadas seriamente por todos os sectores da Comunidade Educativa, así como por moitos gobernos autonómicos, agás o galego e outros tres, e a inmensa maioría dos responsables políticos. Só quenes forman parte do Goberno actual, e o partido que o sustenta, insisten en impoñer antidemocráticamente estas probas externas.

8. **Buscan un negocio para uns poucos.** As reválidas permitirán un suculento novo negocio para empresas que se queiran dedicar a presentarse a concursos para que lles encarguen a súa realización. É só un mero negocio para uns poucos a costa do sufrimento dunha parte importante da sociedade.

9. **Son precarias e sen tempo de preparación.** As reválidas, ademais, nin tan sequera foron desenvolvidas a tempo para que o alumnado saiba de que se lle examinará, nin para que o profesorado saiba como axudarlle. Son unha auténtica chapuza legislativa que xera indefensión e inseguridade xurídica ao alumnado.

10. **Loitamos pola educación das nosas fillas e fillos.** As reválidas pónennos ante unha disyuntiva: ou defendemos os dereitos dos nosos fillos e fillas, ou poida que teñamos que pedirles desculpas toda a vida por non habelo feito. Asegúrate de ter unha boa resposta si algún día che dín: *que fixeches ti para evitalo?*

2

OU CONSEGUIMOS A SÚA DERROGACIÓN, OU CANDO CHEGUE A DATA FARANSE.

O 26 DE OUTUBRO FAGAMOS FOLGA BALEIRANDO AS AULAS POLO FUTURO DAS NOSAS FILLAS E FILLOS.

- **NON AS REVÁLIDAS**
- **DERROGACIÓN DA LOMCE**
- **REVERSIÓN DOS RECORTES NO ENSINO PÚBLICO.**

Área de Comunicación
Xunta Directiva.